

**ACTA DA SESION DA CONSTITUCION DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE XUÑO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia; ás doce da mañá xúntanse os señores Tenentes de Alcalde que de seguido se sinalan para celebra-la sesión de constitución da Comisión Municipal de Goberno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don Jaime Dávila Sánchez, oportunamente convocada: Don Xosé Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso, que constitúen a Comisión de Goberno deste Concello.

O obxecto desta xuntanza é a celebración da sesión constitutiva da Comisión de Goberno, segundo o establecido no artigo 112.1 do ROF, do 28 de Novembro de 1986.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia unha vez comprobado polo Secretario a existencia de quorum para que poida comezarse, o Sr. Alcalde dispón que polo Secretario sexan leídos os preceptos legais que sexan de aplicación, dándose lectura ós artigos 23 da L.B.R.L e 52, 53, 112 e 113 do ROF.

Rematada a lectura dos preceptos legais citados así como a Resolución da Alcaldía de designación de membros de data 22 de Xuño de 1995, o Sr. Alcalde declara constituída a Comisión Municipal de Goberno, integrada polo Sr. Alcalde que a preside, Don Jaime Dávila Sánchez e os seguintes Concelleiros: Don Xosé Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

A Comisión de Goberno, acorda por unanimidade celebra-las sesións ordinarias tódolos luns de cada semana, ás sete do serán; no suposto de que o devandito luns fose festivo, celebraríase a sesión o día seguinte hábil.

Seguidamente a Comisión Municipal de Goberno dáse por enterada das atribucións que lle delega o Alcalde en virtude do Decreto de data do 23 de Xuño en curso.

O Alcalde dá por rematada a sesión, sendo as doce e cuarto da mañá, do que, coma Secretario accidental, certifico.